



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
 (Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
 (Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
 (representante das CMVMC da provincia)

Víctor Abelleira Argibay
 (Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
 CMVMC DE BARRANTES**

Jaime Fernández Vicente
 Jesús Mosquera Puentes

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/12/2016 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**Freixoal 1 e outros**”, solicitados a favor dos veciños da **CMVMC de Barrantes**, da parroquia de Barrantes (Tomíño)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Con data de entrada 26/04/2012, don Jaime Fernández Vicente, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Barrantes, pertencente ao Concello de Tomíño, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación dun total de cinco parcelas desta parroquia: Freixoal 1 e 2, Sardiñeira, Luneda e Rotca Vella.

SEGUNDO.- Tras solicitar á Comunidade solicitante e recibir dela a relación de lindeiros das parcelas obxecto da solicitude, o 29/06/2012 o Servizo de Montes indica á secretaría do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é suficiente para identificalas e que as parcelas solicitadas non están clasificadas.

TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 19/06/2013, incoar o correspondente expediente de clasificación das cinco parcelas referidas, baixo o nome de “Monte Freixoal 1 e outros”

CUARTO.- En data do 24/07/2013 o Servizo de Montes emite informe sobre os terreos solicitados de clasificación, recollendo en xeral o seu uso veciñal, a invasión parcial de parcelas catastradas a nome de particulares e a existencia de pistas ou vías asfaltadas nalgúns deles.

QUINTO.- O Rexistrador da Propiedade de Tui certifica con data 24/12/2013, que as parcelas citadas da parroquia de Barrantes (Tomiño) non figuran inscritas a nome de persoa algunha nese Rexistro da Propiedade tal e como se describen.

SEXTO.- Con data 13/01/2014 solicítase a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Tui, que queda realizada con data 26/02/2014.

SÉTIMO.- O Presidente da Comunidade de Montes de Barrantes presenta, con data de 14/02/2014, diversa documentación referente ao uso veciñal das parcelas e declaracións xuradas dos titulares de varias das parcelas lindeiras coas solicitadas de clasificación.

OITAVO.- Dona Preciosa Rodríguez Granja, titular dunha parcela lindeira coa denominada “Rotea Vella”, presenta planimetría e copia de títulos da súa propiedade para que se teña en conta a mesma no procedemento en curso. A Comunidade de Montes de Barrantes, en comunicación recibida o 06/05/2014, apoia esta alegación por non estar en contradición coa súa solicitude.

NOVENO.- Con data 07/03/2014 o Concello de Tomiño remite certificación acreditativa da exposición pública no taboleiro de anuncios do concello do anuncio de clasificación.

DÉCIMO.- vista da documentación que obra no expediente, as parcelas obxecto do mesmo obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: TOMIÑO
PARROQUIA: BARRANTES

NOME DO MONTE: “FREIXOAL I”

Cabida: 0,9243 has. (superficie alegada na solicitude; excluídas as vías públicas)

Líndes:

Norte: Polígono 25- parcela 154 Serafín Montes Fernández
Polígono 25- parcela 151 Manuel Fernández Barreiro
Polígono 27- parcela 392 Emilio Montes Fernández

Sur: Polígono 53- parcela 9 Máximo Martínez Iglesias
Polígono 53- parcela 14 Digna Pousadela Justo
Polígono 53- parcela 11 Manuel Fernández Vázquez
Polígono 53- parcela 15 Ernesto Casaleiro Álvarez

Leste: Polígono 27- parcela 5001 CMVMC de Tomiño
Polígono 27- parcela 369 CMVMC de Tomiño

Oeste: Polígono 25- parcela 155 Emilio Montes Fernández
Polígono 25- parcela 156 Emilio Montes Fernández
Polígono 25- parcela 9001 estrada



NOME DO MONTE: "FREIXOAL 2"

Cabida: 2,5040 has. (superficie alegada na solicitude; excluídas as vías públicas)

Lindes:

Norte: Polígono 25- parcela 133 Manuel Iglesias Otero

Polígono 27- parcela 187 Rosa López Fernández

Polígono 27- parcela 190 Albino Fernández Barreiro

Polígono 27- parcela 191 Enrique Ríos López

Sur: Polígono 25- parcela 150 Hipólito Fernández Vázquez

Polígono 27- parcela 185 Rosa López Fernández

Polígono 27- parcela 388 Albino Fernández Barreiro

Polígono 27- parcela 389 Pilar Fernández Barreiro

Polígono 27 - parcela 390 Rosa Fernández Barreiro

Leste: Polígono 27- parcela 385 Manuel Fernández Barreiro

Polígono 27- parcela 386 Pilar Fernández Barreiro

Oeste: Polígono 25- parcela 134 Manuel Fernández Rodríguez

Polígono 25- parcela 153 Máximo Martínez Iglesias

NOME DO MONTE: "SARDIÑEIRA"

Cabida: 1,4798 has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Polígono 24- parcela 1150 CMVMC de Barrantes

Sur: Polígono 24- parcela 9008 camiño

Leste: Polígono 24- parcela 852 Fernando Martínez González

Polígono 27- parcela 860 Sara Vázquez Diego

Polígono 24- parcela 861 Camilo Romero Martínez

Polígono 24- parcela 862 Fernando Martínez González

Polígono 24- parcela 863 Ricardo López Iglesias

Polígono 24- parcela 864 Claudino González Pereira

Polígono 24- parcela 865 Víctor Rolán Pérez

Polígono 24- parcela 866 Rafael Núñez Pousa

Polígono 24- parcela 867 Víctor Rolán Pérez

Polígono 24- parcela 868 Álvaro Álvarez Bouzada

Polígono 24- parcela 869 Aurora González González

Polígono 24- parcela 870 Julio Bouzada Calzada

Oeste: Polígono 24- parcela 9008 camiño

NOME DO MONTE: "LUNEDA"

Cabida: 0,6221 has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Polígono 24- parcela 910 Ricardo Franco Martínez

Polígono 24- parcela 6001 Enrique Lago Álvarez

Polígono 24- parcela 6010 Rosa Fernández Barcia
Polígono 24- parcela 9009 camiño

Sur: Polígono 24- parcela 939 Margarita Janei Piqué
Polígono 24-parcela 944 Emerenciada González Besada
Polígono 24- parcela 9014 camiño

Leste: Polígono 24- parcela 911 Manuel Seara Seves
Polígono 24- parcela 912 Ricardo Evans Edward
Polígono 24- parcela 913 Avelino Franco Martínez
Polígono 24- parcela 914 Paul Ballard Malcoum
Polígono 24- parcela 943 Américo Alonso Barcia

Oeste: Polígono 24- parcela 906 Rosa Fernández Barcia
Polígono 24- parcela 907 Pilar Rodríguez Besada
Polígono 24- parcela 908 Rosa Fernández Barcia
Polígono 24- parcela 909 descoñecido
Polígono 24- parcela 939 Margarita Janei Piqué
Polígono 24- parcela 1390 Mercedes Alonso Franco

NOME DO MONTE: "ROTEA VELLA"

Cabida: 0,2747 has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Polígono 24- parcela 89 Avelino Conde Fernández

Sur: Polígono 24- parcela 100 Nélica Iglesias Álvarez
Polígono 24- Parcela 9200 Río Pego

Leste: Polígono 24- parcela 93 Carmen Martínez Iglesias
Polígono 24- parcela 125 Cristóbal Calzado Tejido

Oeste: Polígono 24- parcela 9200 Río Pego

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, débese entender por montes veciñais en man común *"...os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.



Así, segundo establece literalmente este artigo e corrobora abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación como veciñal dun determinado terreo, en vía administrativa, é a circunstancia de terse acreditado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadirse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo Nº3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

"La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MVMC."

Sobre os tipos de aproveitamento, este ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza nº 1239/2002 establece que

"...a Ley 13/89 di que os montes veciñais sono con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeiro, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal..."

O informe do Servizo de Montes reconece os usos veciñais das parcelas, cando recolle que están ocupadas por "masa mixta de frondosas -roble, alcornoque, laurel y eucalipto- y fustal de pino. Desbrozada..."(Luneda), "masa clara de pino fustal y frondosas. Aclarada selvicolamente y desbrozada..."(Rotea Vella), "...en parte poblada por latizal-fustal de pino en densidad media con sotobosque de frondosas y en parte nasa"(Sardiñeira) ou "Poblada por monte bravo de frondosas -roble, castaño plantado, alcornoque- y pino y regenerado de pino, formación tratada por poda y desbroce..."(Freixoal 2). Unicamente na parcela Freixoal 1 atopa "usos no compatibles con usos comunales" debido a existencia dun depósito de pedra cortada e a que unha parte do terreo está ocupado por "cruce de carreteras asfaltadas".

A visita do instrutor corrobora en todos os seus termos este informe, atopando ademais nas parcelas Freixoal 1, Sardiñeira e Rotea Vella carteis da Comunidade de Montes avisando da prohibición de verter lixo ou escombros.

A Comunidade de Montes presenta diversa documentación sobre os usos veciñais destes terreos. Por unha parte inclúe comparecencias dos titulares ou herdeiros da maioría das parcelas lindeiras que, segundo o catastro, invadirían os terreos solicitados de clasificación, declarando que a planimetría presentada pola comunidade de montes é correcta e non existe esa invasión. Estas declaracións xuradas van acompañadas das sinaturas dos declarantes e de testemuñas, e todos asinan tamén a planimetría presentada perante o Xurado. A Comunidade de Montes achaca as supostas invasións de terreos particulares a erros na planimetría catastral e salienta que o propio informe do Servizo de Montes recolle que a planimetría presentada responde á realidade e que o linde dos terreos veciñais coa maioría destas parcelas particulares está delimitada por un muro.

Por outra parte, a Comunidade de Montes presenta declaracións xuradas de dous veciños, propietarios do depósito de pedra en Freixoal 1 e dun cobertizo de animais en Sardiñeira respectivamente, que declaran que son ocupacións temporais e que contan coa autorización verbal da Comunidade.

Examinada a alegación de Preciosa Rodríguez Granja e confrontada a planimetría aportada coa que obra no expediente, compróbase que a súa parcela non invade o terreo veciñal "Rotea Vella", como ela mesma recoñece na alegación presentada.

Todas as declaracións xuradas citadas anteriormente inclúen ademais a afirmación de que as parcelas solicitadas de clasificación pola Comunidade de Montes están aproveitadas polos veciños ou limpadas e desbrozadas pola comunidade.

Finalmente o Concello de Tomiño non presentou alegacións á clasificación das parcelas, e soamente se limitou a remitir a certificación da secretaria municipal (co Visto e Prace da alcaldesa) de que o anuncio relativo ao inicio do expediente estivo un mes exposto no taboleiro de anuncios do concello, o que supón implicitamente o recoñecemento do carácter veciñal dos terreos obxecto do expediente por parte do Concello.

A existencia de vías asfaltadas que se presumen públicas nas parcelas Freixoal 1 e 2 obriga a excluílas da clasificación.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, ó instructor, en uso das facultades que ten conferidas, propón, e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: **CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas denominadas "Freixoal 1", "Freixoal 2", "Sardiñeira", "Luncda" e "Rotea Vella" a prol dos veciños da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Barrantes, do Concello de Tomiño de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito décimo e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

The image shows several handwritten signatures in blue ink at the bottom of the page. In the center, there is a circular official stamp, also in blue ink, which is partially obscured by the signatures. The signatures are stylized and appear to be from multiple individuals.



521.300
4.651.600


521.300
4.651.200

Freixoal

FREIXOAL II

FREIXOAL I

Pedrafita


 Clasificación denominada "Freixoal I e outros"
 Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de BARRANTES
 Concello de TOMIÑO

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA	Plano 1 de 3
	Xaneiro - 2017
Clasificación das parcelas Freixoal I e Freixoal II	
Escala: 1:2.000 	

SARDIÑEIRA

520.300
4.652.300

A Mosteiro



LUNEDA

520.300
4.651.900

Clasificación denominada "Freixoal I e outros"
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de BARRANTES
Concello de TOMIÑO

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA	Plano 2 de 3
	Xaneiro - 2017

Clasificación das parcelas Sardiñeira e Luneda

Escala: 1:2.000





519,000
4.652.350

519,000
4.651.850

A Sardiñeira

ROTEA VELLA

O Mosteiro

Clasificación denominada "Freixoal I e outros"
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de BARRANTES
Concello de TOMIÑO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Plano 3 de 3
Xaneiro - 2017

Clasificación da parcela Rotea Vella

Escala: 1:2.000
50m 0m 50m